



CONTOS QUE
CONTAXIAN ILUSION

bibotecainfantil.fundaciononce.es



1


Aneta poeta



2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



3

SOBRE A TARTAMUDEZ

Falar semella moi sinxelo para os que o fan con facilidade. Parece que todo comeza cando formamos un pensamento no noso cerebro. Alí mesmo, ese pensamento transfórmase na linguaxe que aprendemos, despois envía un sinal aos músculos da **boca, a cara, o pescozo, a lingua e a gorxa**, que se moven para formar as palabras.

Algunhas veces algo falla e as palabras saen entrecortadas, ou tardan demasiado en pronunciarse. Semella a cando abres **UNHA BILLA** pola que sae a auga aos **TOMBOS**, por iso aos nenos que teñen esa dificultade lles resulta máis complicado expresarse.

En moitos dos casos, cun diagnóstico rápido e atención temperá, **pódese corrixir**. Require un adestramento no que pais, amigos e especialistas xogan un papel moi importante.

**CANDO CO EZAS A ANETA SABER S QUE O QUE CHE VAI
CONTAR MOI INTERESANTE.**

4

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

O meu nome é Aneta.
 Escribo e escribo,
 porque son **POETA**.

Benvidos ao meu blog
 de poesía, encántame
ESCRIBIR
 e coas novas tecnoloxías
 chego a todo **O MUNDO**.



5

A poesía non é tan difícil. Unha mañá chuviosa, o
 movemento das follas dunha **ÁRBORE**...
MESMO A PROFE DE MATEMÁTICAS, PODEN SER
FONTES DE

inspiración.



6

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Para ser poeta é fundamental que saibas
rimar palabras.

Por exemplo, amor rima con pavor, sabor, estupor....

Ben, podería seguir un bo cacho porque
teño moito VOCABULARIO.

Iso di (*Francisco Belausteguigoitia
Amorrortu*), Paco, o meu logopeda,
que son máis intelixente que a media



Choca esa, princesal

(eu é que todo o
digo en rima).



7



Os meus compañeiros de
logopedia son todos

rapaces

así que me tratan
coma unha princesa.

Veredes, é que
TARTAMUDEO.

Adestreime
moito para non
afogarme nos meus
silencios, non reparar nos
meus chimpiños e
só dicir

**O QUE QUERO
DICIR.**

8

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

A tartamudez lévase mellor cando arredor
tes xente que **TE QUERE.**

Miña irmá María é a miña maior


ADMIRADORA.



Adoita levar os meus poemas
pegados no seu cartafol do "cole"
escola, no canto das fotos de
famosos que poñen as súas

AMIGAS.

9



Ás veces pelexamos, pero en fin, iso
tamén me dá **IDEAS.**

Unha poesía que lle fixen o ano pasado
titúlase **MARIA ROSMONA.**

10

Imprimeix en un full mida Din4 o Din

Pinta i retalla per la línia contínua, doblega per la línia discontinua.



Ultimamente estou moi **CONTENTA** porque conseguín dous logros; o primeiro dicir o nome completo de Paco con apelidos e todo!;

o segundo **DECLAMAR UN DOS MEUS POEMAS NA CLASE.**

11

COÑECEDES ALGUÉN QUE TARTAMUDEE?

Houbo personaxes importantes con tartamudez, como o rei Jorge de Inglaterra que,

coa axuda dun **actor**

aprendeu a falar en público.

Tendes que ver a película

"O discurso do rei",

a min

emocióname

moitísimo.

Un consello: cando coñezades alguén tartamudo, aínda que vos custe, deixade que

ACABE EL MESMO AS FRASES..

Trato feito?

12



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Os meus progresos son tan **GRANDES** que,
cando saímos comer por aí, o meu pai dime
que pida eu.

Teríades que ver a cara do camareiro
do outro día... **HAHAHAHA!**

Era tan simpático que en ningún momento
deixou de **sorrir** mentres apuntaba a comida de
todos... **E ISO QUE TARDEI UN BO CACHO, EH?**

É xenial que me dea
todo o tempo que necesito
sen facerme
sentir mal.



13

Ben, espero os vosos comentarios
nas publicacións do **BLOG**.

MELLOR SE SON EN FORMA DE POEMA!

E por que? Porque **VERSOS** rima con **BICOS!**
E a min encántanme as dúas cousas.



14

Fin

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.